

xardín queimado

Manuel Forcadela

2012

LASCIATE OGNI SPERANZA, VOI CH'INTRATE LADIES AND GENTLEMEN, YOUR ATENTION PLEASE

Falareivos da nación
Neboenta dos poetas
República infeliz
Xardín queimado

Hai xa tempo que deixei
Na distancia os seus outeiros
As súas pontes contra o ceo
Os seus templos sen deidades

Que hai xa tempo que caín
Baixo a lúa deste exilio
Ah tórrido lugar de xentes sen tristeza
Un can abandonado
Xa orfo e vagabundo
Xa herdeiro no silencio
Nin sequera embaixador
Triste cónsul honorario

E é por iso que os seus vales proxectando sobre min
Unha sombra de saudade
A soprar na miña orella
Van ditando a ladaíña
Como unha aixola en pradairos lisos
“triste cónsul honorario / nunca deixes de cantar”

E repiten coa dozura dunha música irlandesa:

“triste cónsul honorario / nunca deixes de cantar”

Era tanto o neboeiro na xornada en que saín
Que as bandeiras apagadas eses húmidos farrapos
Desoladas as laranxas na fronteira
Famélicos os poldros que cruzaban o Xordán
E foi naqueles días que Xoán apareceu
Baptista a pregoar do fondo do deserto
E dixo ben clariño que todos escoitasen
“É hora xa de erguermos a voz para pedir
Perdón porque é chegado o tempo do Señor”
Usaba un longo abrigo de peles de camelo
Un cinto que viraba en torno dos seus lombos
De mel se alimentaba silvestre algunha herba
E dixo desde a altura políglota O SEÑOR
NON EST BONUM ESSE HOMINUM SOLUM
FACIAMUS EI ADJUNTORIUM SIMILE SIBI
IT’S NOT GOOD THAT THE MAN SHOULD BE ALONE
I WILL MAKE HIM A HELPER FIT FOR HIM
IL N’EST PAS BON QUE L’HOMME SOIT SEUL
JE LUI FERAI UNE AIDE QUI LUI CORRESPONDE
Oh vén altiva Electra acepta os ornamentos
De ouro que che damos

Fixéronse daquela moi longos os invernos
Os barcos non traían o pálpito do mar
O mundo andaba errante virando no silencio
E vós tan afastada sen nada para dar
Que triste percorrer as rúas baixo a chuvia
Tomar o mesmo rumbo no pánico da noite
Volver a refundar a casa na soidade...

Falareivos da nación

Porque o obxecto a
Impide que o círculo de pracer se feche
Introduce un dispracer irreductible

Porque o obxecto a
Funciona como unha fenda
No círculo fechado do aparello psíquico
Governado polo principio de pracer
Unha fenda que o derruba e obriga
A botar unha ollada ao mundo
A ter en conta a realidade
(Neboenta dos poetas)

Porque o Grande Outro aparece como unha
Axencia oculta a manexar
Os fíos
Unha man
Que anima o espectáculo entre bastidores
A divina providencia cristiá
A astucia da razón hegeliana
A man invisible do mercado na economía mercantil
A lóxica obxectiva da HISTORIA
A conspiración xudía no nazismo
A república infeliz
O xardín queimado

Falareivos da nación

A vós tan afastada sen nada para dar
Chegara tarde a casa Estaba a amanecer
A noite consumía misteriosa os líquidos da alba
E eu viña sen fatiga
Paseniño
Deixando atrás os mapas
Non era por febreiro que marzo xa caera Así que por abril
Abril era unha longa baía con navíos
Con barcos que ancoraban con chaves para abrir
As portas submarinas dos últimos atlantes
Abril era unha abra con naves debuxadas
Con longas e con lánguidas pegadas de tristeza
Abril como unha pedra escura pedra abril
A pedra de subir silente nos transportes
Erguer a madrugada na beira dos andéns
E Abril chegara á casa deixando atrás abril

Falareivos da nación
Neboenta dos poetas

Doían eses ollos tan limpos a mirar
O dano que eu levaba no centro do meu peito
Eran barcos e paisaxes que vira algunha vez
E agora estaban quietos na noite a contemplarme
Con batas e con máscaras debaixo dunha luz
De sol estarrecente de estrela singular
República infeliz
Xardín queimado
E ollaban moi atentos coa luz da intelixencia
Coa lupa dun silencio vencido en mil batallas
O mesmo que se eu fose algunha desas flores

Que ás veces amañecen no centro das palabras
Despois alguén chegou e dixo di o teu nome
E eu díxeno no instante que entraba unha enxurrada
De olvido e de distancia no río das arterias
E fun de néboa en barcos ao sur do esquecemento
Non tiven máis que corpo por horas e por horas
Un corpo que vencía por fin a enfermidade
Un corpo que espertaba despois nun almacén
De xentes na fronteira no límite da morte
E había compañeiros de corpos derrotados
Que alguén trouxera en sombras de lúa e ambulancia
E moita xente branca bulindo sen parar
Levando o seu misterio narcótico en xeringas
(Neboentas dos poetas)
En cápsulas con brillo ou tristes preparados
Doían eses ollos no centro do meu peito
Doían como batas e máscaras paisaxes
Doían como lupas batallas do silencio
República infeliz
Xardín queimado
Despois algún instante distancia di o teu nome
Levando o seu misterio xeringas de morfina
Que ás veces amañecen nalgunha desas flores
E fun de néboa en barcos no río das arterias
O mesmo que se eu fose un sol estarrecente
O nome da distancia o nome do misterio
O nome da morfina a máscara da luz
O centro das palabras da lupa do silencio

Falareivos da nación
Neboenta dos poetas

República infeliz

Por iso andaba eu canso de tanto percorrer
As gándaras de néboa que dormen alá embaixo
Non eran os incertos camiños que persegue
O corpo polo tempo non eran os silencios
Que queren debuxar os líquidos e chamadas
Fundados polo fondo no cruce das tristezas
No punto en que se inclinan os cólicos e o sangue
By the waters of Lemman
Non era só por iso
Non era sopor iso
Que era porque tanta distancia non se atura
Que aquel que mora en ti non debe ter saudades
Da imaxe de si mesmo non pode percorrer
Longura nos camiños facer tanta viaxe
Por iso andaba eu néboa de tanto perseguir
De tanto fundar gándaras e líquidos silencio
O corpo polo tempo que mora en ti distancia
Por iso andaba incerto
Fundándome no fondo dos cólicos saudade
By the waters of Lemman

Falareivos da nación
Neboenta dos poetas
República infeliz
Xardín queimado

Oh vén altiva Electra acepta os ornamentos
De ouro que che damos

E isto eu repetía sen cesar
Electra era unha nube de sombra que xurdira
By the waters of Lemman
No fondo dun paraugas acendido
De tanta chuvia eléctrica
Electra era unha imaxe que estaba no final das letras computadas
Das letras que xurdían no fondo da pantalla
E Electra non falaba dicía sen parar
Mais tanto era o dicir que nada se entendía
Electra era unha chave sen porta para abrir
Electra xa era só melancolía

Porque a melancolía non é máis
que a dor pola perda do que nunca tivemos
By the waters of Lemman
A melancolía non é máis
que a dor real por unha perda imaxinaria
E como doe o imaxinario
Como doe na realidade o que nunca estivo aquí
E Electra era unha chave sen porta para abrir
Electra era unha porta sen abrir
Nas terrazas onde dormen vagabundos sen estrela
Debuxada sobre o fondo dos seus ollos
Vive a luz
Neboenta dos poetas
Unha luz de lume negro
República infeliz
Xardín queimado

De baleiro esquecemento
Como un soño que apagasen os obreiros do concello

Ao regaren sobre a rúa a poeira do vivir
Ían eles barba longa
A pousar o seu cansazo sobre as pedras asombradas
E falaban sobre a noite
Compartían o tabaco
Camiñaban sobre a esfera imperfecto do silencio
Por lograren o máis alto
Ser acentos nunha idade toda átona e feliz
Seren hiatos no ditongo
Ser escuros xunto á luz como pobres e moinantes
Vagabundos coma min oh traidor dese destino
Vagabundos coma ti oh descúlpame a maldade

Que o poeta está manchado pola culpa
O seu traxe leva sangue de linguaxe
A camisa borras negras de caer
By the waters of Leman
A rebolos na lameira das palabras

O poeta está impregnado de suor
Os zapatos teñen cortes adxectivos
E os seus verbos esparexen a tristeza
Como un vómito febril de signos e destino
O poeta está ferido por loitar
Contra a néboa e contra a sombra

A súa ollada mira neve no deserto
E nas illas logra ver unha nube sobre o ceo
O poeta xa non vive neste mundo
Falareivos da nación
Neboenta dos poetas

Dese corpo de lectora tan aberto para as letras
Tan lumínico do brillo do papel sobre a mirada
Tan espido de acoller unha tarde para os libros
Do silencio que mestura unha páxina unha voz
Unha porta numerada con espellos para adentro
Desa man que acolle o libro que repousa sobre o brazo
Do sofá que logo move a lapela e pasa a páxina
Dese ollo que se fecha algo canso de pensar
De pasar por entre as letras entre as páxinas soñando
Ese ollo que me mira como mira algunha ausencia
By the waters of Leman
Como olla para fóra a través dalgún cristal
Como mira para as portas para os vidros que contemplan
Personaxes do interior desa ficción
Neboenta dos poetas
Dese corpo ou dese ollo de lectora por adentro
Que camiña unha paisaxe debuxada noutra idade
Desa páxina inclinada que resiste a ser ollada
Que non quere que alguén chegue ese pórtico ese voo
Esas aves que regresan entre as liñas ese cal
Que pintaron con ausencias con palabras como danos
By the waters of Leman
As feridas que deixaron sobre o corpo do papel
Que esqueceron cando a noite foi pousando a súa pegada
Neboenta dos poetas
Ese libro que está cheo dunha luz de escuridade
Dunha luz de letra escura moitas manchas a brincar
Cada unha diferente todas xuntas a tecer
O tecido do seu texto unha urdime de canción
Esa urdime de canción tan aberta para as letras

Que non che son o mesmo lonxe que lontano

Falareivos da nación

Neboenta dos poetas

República infeliz

Xardín queimado

By the waters of Lemman

Que o poeta está manchado pola culpa

O seu traxe leva sangue de linguaxe

A camisa borras negras de caer

A rebolos na lameira das palabras

Que o poeta é portador de mil chaves que non abren

Outro pórtico que a sombra

Outra porta que a do inmenso xardín melancolía

E foi daquela que eu cheguei como un barco de naufraxio

Á deriva que vivían os meus cantos por adentro

By the waters of Lemman

Porque eu era aquel poeta que levaba o traxe tinto

Na lameira das palabras

Como un vómito febril de signos e destino

Bebían os cabalos na fonte xunto a nós

By the waters of Lemman

E viñan nubes breves turrando do verán

Distantes perseguindo a sombra das maceiras

Os ecos que deixaban na brisa acordeóns

Que alguén tocaba en orfas penumbras portuguesas

E andaba o corpo en músicas en táboas que pintaran

Os ollos como incertos retábulos de outrora
Camiños que eran sombras de pontes e distancia
E leitos que alguén dera insomne por durmir
As noites cos seus soños de tenra melodía
Por iso viña o vento das longas cabeleiras
Deixándonos recados papoulas e sonetos
Levando un arrecendo de xasmíns
By the waters of Lemman
Tamén arrebolando docísimas materias
Areas tan miúdas que había que fechar
Os ollos a soñar caer por unha lomba
Sen medo de que o corpo sufrise unha ferida

E depuxen logo as armas porque tiña febre amor
Tantos graos de soidade non son bos para o misterio
Tanta sombra de mercurio achegando a súa canción
Esa altura dos cipreses ese mármore final
Non son bos para a saúde do que canta unha distancia
Non conducen non informan non dan brillo non enuncian
Non se debe superar unha certa cantidade
Unha certa non lle sei cantidade non moi alta
Un outeiro de mercurio co seu cumio alá no alto
LADIES AND GENTLEMEN, YOUR ATENTION PLEASE
LASCiate OGNI SPERANZA, VOI CH'INTRATE
Que o poeta está manchado pola culpa
Do mar pola orela mireino pasar
O seu traxe leva sangue de linguaxe
A camisa borras negras de caer
A rebolos na lameira das palabras

E entón dixo o profeta

Gardando para si
O solpor melancolía
“Porei de novo a man no lombo da tristeza
E canso hei apalpar o curso do solpor,
Brincando desde as pontes camiño de Venecia.
A man que foi medrando cos anos do meu corpo
Selando en vidros grises incendios apagados.
Porei de novo o peito na area do misterio
E irei polos camiños de enigmas como praias
E todos han de estar oíndo a ladíña”.

NON EST BONUM ESSE HOMINUM SOLUM pensei eu
Xa hai que ser
FACIAMUS EI ADJUNTORIUM SIMILE SIBI mira ti
Señoras e señores, por favor ben obrigado, Atendan isto aquí.
Oh vén altiva Electra acepta os ornamentos
De ouro que che damos
Ladies And Gentlemen, Your Attention Please
O pozo estaba aberto Non daba para o mar
By the waters of Lemman
A lúa alí pousada
O mesmo que se alguén furase a terra toda.
E o profeta foi caendo polo pozo cara adentro
Cara adentro de si mesmo
Como un louco torbeliño que ninguén ousase ollar
By the waters of Lemman
O profeta polo pozo cara adentro de si mesmo
Bebían os cabalos na fonte xunto a nós
Para sempre derrotados
By the waters of Lemman
E viñan nubes breves turrando do verán
Distantes perseguindo a sombra das maceiras

Os ecos que deixaban na brisa acordeóns
Que alguén tocaba en orfas penumbras portuguesas
E o profeta polo pozo cara dentro de si mesmo
E dixo desde a altura políglota O SEÑOR
NON EST BONUM ESSE HOMINUM SOLUM
E pasaba ao fondo Nietzsche como un barco na distancia
Do mar pola orela mireino pasar
E era triste ver o barco digo a Nietzsche contra o sol
Perdido cos anos o lentor da moza fantasía
Fumegando o seu sulfato contra o corpo do SEÑOR
Oh Nietzsche a sulfatar polas viñas da distancia
Como unha trincha nas mans dun vago e fantástico carpinteiro
A dieta non contempla a inxestión en ningún caso
De bebidas alcohólicas
É preciso que camiñe
Co profeta polo pozo cara dentro de si mesmo
É preciso que camiñe
Polos ecos que deixaban na brisa acordeóns
E ha de controlar a diario a presión sanguínea
E o profeta que tocaba nas penumbras portuguesas
Oh Nietzsche sulfatando co seu triste acordeón
É preciso que camiñe
Como unha trincha nas mans dun vago e fantástico carpinteiro
Oh Nietzsche sulfatando polas viñas do SEÑOR

LADIES AND GENTLEMEN, LASCIATE OGNI SPERANZA

Oh Nietzsche sulfatando pola brisa acordeóns

LADIES AND GENTLEMEN,

Tal e como agora eu vou

Vello e anugallado

YOUR ATENTION PLEASE

E Nietzsche dixo Electra camiña xunto a min
Tal e como agora vas
Xa vella e anugallada
Dareiche a flor da sombra e o tálamo nupcial
Manchado de poetas embriagados
Só manchas de tequila acaso de augardente
No fondo inmaculado
Figueiriña que prantei
By the waters of Lemman
Acaso exaculado
Oh vén altiva Electra
Lasciate ogni speranza
Virás comigo aos campos
Terei que sulfatar

E Nietzsche andaba canso
Puxérase a ferver
as lentes e os aneis
na pota do silencio
que todo se afundía
E Electra dixo deixa
Lasciate ogni speranza
Que o poeta está manchado pola culpa
Do mar pola orela mireino pasar
O seu traxe leva sangue de linguaxe
A camisa borras negras de caer
By the waters of Lemman
A rebolos na lameira das palabras

E díxome daquela pensando que eu portaba

Bandeiras como hortensias e borra de tabaco

Oh vén altiva Electra

Lasciate ogni speranza

Chegara aquela tarde á casa con tristeza

E púxenme a beber licores moi antigos

Garrafas que baixaran de barcos sen bandeira

Redomas que lacraran nos templos da distancia

E abrín aqueles selos tirei aquelas rollas

E dei en gorentar azucres con canela

Alcohol ensombrecido nas lúas doutro tempo.

Oh vén altiva Electra

E Nietzsche sulfatando co seu triste acordeón

E Nietzsche sulfatando polas viñas do SEÑOR

E lembro que aquel día Federico estaba triste

Si Nietzsche Federico filósofo e amigo

E eu dixéralle convén que sulfates outras viñas

Deixa un pouco de uva tinta nestas veigas da ilusión

Non esgotes todo o caldo que producen estes prados

Garda un pouco para os pobres

Para aqueles consumidos pola luz da inxenuidade

Deixa un río acaso un monte unha braña ou algún souto

E difunde o teu sulfato ese xofre tan amargo

Nas ribeiras onde chegue o teu paso como demo

Mais aquí procura un canto

Colle acaso un instrumento

E prepárate queremos que nos toques pola orquestra

By the waters of Lemman

O solpor da mocidade

E a outonía do mundo

Oh fermosa esta expresión

A outonía do mundo
By the waters of Lemman
Porque xa non hai primavera nin verán
Non existe máis que outono felizmente

Longo inverno e curto outono
Máis que outono felizmente

Oh vén altiva Electra
Do mar pola orela mireino pasar
Rexeita as cicatrices
Os coiros recosidos que tocan nos tambores da vitoria
E déixate apalpar
Oh guíame no escuro

O mar ficaba lonxe No fondo a lontananza
Que non che son o mesmo lonxe que lontano
O mar como unha dorna tristítima que viña
Cargada co seu loito de peixes e de noites
Cangada co velame na altura do silencio
E nós alí sentados sentados a mirar
A lúa que lontano nacía en lontananza
Do mar pola orela mireino pasar
E Nietzsche sulfatando polas viñas do SEÑOR

E deluvei entón os ollos que me proían
No pesadelo escuro da noite sen camiños
E do mar pola orela mireino pasar
Como unha aixola en pradairos lisos
E Nietzsche sulfatando polas viñas do SEÑOR
By the waters of Lemman

Para sempre derrotados
Despois alguén chegou e dixo di o teu nome
E eu díxeno no instante que entraba unha enxurrada
De olvido e de distancia no río das arterias
E fun de néboa en barcos ao sur do esquecemento
E Nietzsche sulfatando polas viñas do SEÑOR

Porque o obxecto a
Impide que o círculo de pracer se feche
Introduce un dispracer irreductible
Porque o obxecto a
Funciona como unha fenda
By the waters of Lemman
No círculo fechado do aparello psíquico
Gobernado polo principio de pracer
Unha fenda que o derruba e obriga
Do mar pola orela mireino pasar
A botar unha ollada ao mundo
A ter en conta a realidade
(Neboenta dos poetas)
Falareivos da nación
República infeliz
Xardín queimado
By the waters of Lemman
Para sempre derrotados

Miña terra miña terra
Terra onde me eu criei
Hortiña que quero tanto
Figueiriña que prantei
Levo un faro por riba da pel

Como insignia de sixilo e espera
By the waters of Lemman
Para sempre derrotados
Que non che son o mesmo lonxe que lontano

E deluvei entón os ollos que me proían
No pesadelo escuro da noite sen camiños
E by the waters of Lemman mireina pasar
Do mar pola orela
Para sempre derrotados
Figueiriña que prantei
Despois alguén chegou e dixo di o teu nome
E eu díxeno no instante que entraba unha enxurrada
De olvido e de distancia no río das arterias
E fun de néboa en barcos ao sur do esquecemento
E Nietzsche sulfatando polas viñas do SEÑOR
Si Nietzsche sulfatando by the waters of Lemman

Ofrezco agora a man e pousa nela a tarde
Non trae aves lixeiras nin láminas de espello
Mais leva sobre a carne a fonda ladaíña
Dos meses que inclinaron tronzadas na raíz
Calugas que vertían
Levísima enxurrada de líquidos e outono.

E ofrezco agora o corpo ás máquinas do tempo
Entrégolle o meu peito a forma de pensar
As mans como unha viña de noite esquecemento
Os ollos como un vidro vertido no silencio

O corpo que executan os labios que deixei

Deitando un arreguizo no tacto dunha pel
De sombra de setembro
Figueiriña que prantei By the waters of Lemán
Que non che son o mesmo lonxe que lontano

E díxome daquela pensando que eu portaba
Bandeiras como hortensias e borra de tabaco
Oh vén altiva Electra
Lasciate ogni speranza
Tal e como agora vas
Xa vella e anugallada
Dareiche a flor da sombra e o tálamo nupcial
Manchado de poetas embriagados
Tal e como agora vas
Xa vella e anugallada
By the waters of Lemán
Para sempre derrotados

LASCIATE OGNI SPERANZA, VOI CH'INTRATE LADIES AND GENTLEMEN, YOUR ATENTION PLEASE

Do mar pola orela mireina pasar
Neboenta dos poetas
By the waters of Lemán
Abril era unha abra con naves debuxadas
Con longas e con lánquidas pegadas de tristeza
Electra era unha chave sen porta para abrir

Electra xa era só melancolía
Electra era unha porta sen abrir

Que o poeta está manchado pola culpa
O seu traxe leva sangue de linguaxe
A camisa borras negras de caer
A rebolos na lameira das palabras
O poeta está impregnado de suor
Os zapatos teñen cortes adxectivos
E os seus verbos esparexen a tristeza
Como un vómito febril de signos e destino
O poeta está ferido por loitar
Contra a néboa e contra a sombra
A súa ollada mira neve no deserto
E nas illas logra ver unha nube sobre o ceo
O poeta xa non vive neste mundo

LADIES AND GENTLEMEN LASCIATE OGNI SPERANZA
E pasaba ao fondo Nietzsche como un barco na distancia
Do mar pola orella mireino pasar
E era triste ver o barco digo a Nietzsche contra o sol
Perdido cos anos o lentor da moza fantasía
Fumegando o seu sulfato contra o corpo do SEÑOR
Oh Nietzsche a sulfatar polas viñas da distancia

É preciso que camiñen
A rebolos na lameira das palabras
LADIES AND GENTLEMEN LASCIATE OGNI SPERANZA
Unha dieta moi severa
E Nietzsche a sulfatar polas viñas da distancia
O profeta polo pozo cara adentro de si mesmo

E Electra xa era só melancolía
Figueiriña que prantei By the waters of Lemán
Que non che son o mesmo lonxe que lontano

E Nietzsche a sulfatar By the waters of Lemán
Para sempre derrotados

Bebían os cabalos na fonte xunto a nós
E viñan nubes breves turrando do verán
Distantes perseguindo a sombra das maceiras
Os ecos que deixaban na brisa acordeóns
Que alguén tocaba en orfas penumbras portuguesas
E Electra dixo deixa
Lasciate ogni speranza
Que o poeta está manchado pola culpa
Do mar pola orella mireino pasar
O seu traxe leva sangue de linguaxe
A camisa borras negras de caer
A rebolos na lameira das palabras

E andaba o corpo en músicas en táboas que pintaran
Os ollos como incertos retábulos de outrora
Camiños que eran sombras de pontes e distancia
E leitos que alguén dera insomne por durmir
As noites cos seus soños de tenra melodía

Por iso viña o vento das longas cabeleiras
Deixándonos recados papoulas e sonetos
Levando un arrecendo de xasmíns
By the waters of Lemán

Tamén arrebolando docísimas materias
Areas tan miúdas que había que fechar
Os ollos a soñar caer por unha lomba
Sen medo de que o corpo sufrise unha ferida
E Electra dixo deixa
Lasciate ogni speranza
Que o poeta está manchado pola culpa
Do mar pola orela mireino pasar
O seu traxe leva sangue de linguaxe
A camisa borras negras de caer
A rebolos na lameira das palabras
O poeta polo pozo cara adentro de si mesmo

E depuxen logo as armas porque tiña febre amor
Tantos graos de soidade non son bos para o misterio
Tanta sombra de mercurio achegando a súa canción
Esa altura dos cipreses ese mármore final
Non son bos para a saúde do que canta unha distancia
Non se debe ultrapasar unha certa cantidade
Unha certa non lle sei cantidade non moi alta
Un outeiro de mercurio co seu cumio alá no alto
E Electra dixo deixa
Lasciate ogni speranza
É preciso que camiñe
Figueiriña que prantei By the waters of Lemman
Que non che son o mesmo lonxe que lontano
E Electra xa era só melancolía

E pasaba ao fondo Nietzsche como un barco na distancia
Do mar pola orela mireino pasar
E era triste ver o barco digo a Nietzsche contra o sol

Perdido cos anos o lentor da moza fantasía
Fumegando o seu sulfato contra o corpo do SEÑOR
Oh Nietzsche a sulfatar polas viñas da distancia
E Electra xa era só melancolía